

I AM NOT YOUR NEGRO

[Raoul Peck, 2016]

220

ESTREA EN NÚMAX: 07.04.2017 | v.o.s.g. | +12

I Am Not Your Negro (2016, 95')

Dirección: Raoul Peck

Guión: Raoul Peck

Participación: Samuel L. Jackson (voz), James Baldwin, Dick Cavett, Shumerria Harris

Son: Valérie Le Docte

Música: Alexei Aigui

Montaxe: Alexandra Strauss

Fotografía: Henry Adebajo, Bill Ross IV, Turner Ross

Produtora: Velvet Film (Estados Unidos)

Distribuidora: Karma Films

Formato de proxección: DCP 2K

Idioma orixinal: Inglés

FILMOGRAFÍA SELECCIONADA

Le jeune Karl Marx, 2017

Moloch tropical, 2009

Lumumba, 2000

Le profit et rien d'autre!, 2000

L'homme sur le quai, 1993

Lumumba, la muerte de un profeta, 1990

Haitian Corner, 1988

SINOPSE

A través das palabras do escritor e activista afroamericano James Baldwin coñecemos un dos grandes problemas da sociedade estadounidense: o conflito racial entre a poboación branca e a poboación negra nos Estados Unidos. *I Am Not Your Negro* é un documental dirixido por Raoul Peck e conta coa participación de Samuel L. Jackson, James Baldwin e Dick Cavett, entre outros.

PREMIOS E FESTIVAIS

Oscar 2016 (nomeado a mellor documental), Toronto 2016 (Premio do público), Spirit Awards 2016 (mellor documental), Berlinale (Sección Panorama Dokumente 2016: Premio do Público)

«Se me preguntas, a día de hoxe, que foi o que máis valorei, diríache que pasear, sentar e soñar ao carón dun home chamado James Baldwin»

MARLON BRANDO

Filme subtitulado ao galego por NÚMAX grazas á colaboración da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia



I AM NOT YOUR NEGRO

[Raoul Peck, 2016]

★
EUROPA CINEMAS
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME

“Baldwin deume voz, palabras e retórica a todo o que eu sabía por instinto”

Notas do director: Raoul Peck

Empecei a ler a James Baldwin cando tiña quince anos na procura de explicacións racionais ás contradicións que me ía atopando na miña vida nómade, que me levou de Haití ao Congo, e logo a Francia, Alemaña e Estados Unidos. Canda Aimée Césaire, Jacques Stéphanie Alexis, Richard Wright, Gabriel García Márquez e Alejo Carpentier, James Baldwin foi un dos poucos autores que podería chamar «dos meus». Pensadores que falaban dun mundo que coñecía. Contaban historias que describían e definían estruturas e relacións humanas que encaixaban perfectamente co que eu vía ao meu redor. Identificábame con eles.

Eu viña dun país cun gran concepto de si propio, pois tiña loitado e gañado ao exército máis grande do mundo, o de Napoleón, e puxo fin á escravitude dunha forma única na historia, creando a primeira revolución de escravos que tivo éxito na historia mundial, en 1804. Estou a falar de Haití, o primeiro país libre das Américas. A exitosa revolución haitiana foi ignorada pola Historia, tal e como Baldwin contou en *Because of the Bad Nigger We Were*. As catro

superpotencias da época pactaron nun atípico acordo de paz calar a Haití, a primeira República negra, e poñela baixo o embargo económico que a afogaría e levaría á pobreza máis absoluta. E despois reescribiron a historia por completo.

Volvendo atrás. Lembro a miña infancia en Nova York. Unha época moito máis civilizada. Eran os anos 60. Na cociña dun apartamento de clase media alta, no barrio xudeu de Brooklyn onde viviamos con moitas outras familias, había unha especie de alfombra oriental enorme, con efíxies de John Kennedy e Martin Luther King, os dous mártires e lendas da época, penduradas na parede. Mais o tapiz non contaba toda a verdade. Ignoraba a xerarquía existente entre as dúas figuras, o desequilibrio de poder que existía entre ambos. E, por tanto, anulaba a posibilidade de entender estas dúas historias paralelas que se tiñan cruzado nun corto espazo de tempo.

Medrei nun mito que era tanto actor como executor. O mito dunha América única. O guión estaba ben escrito. A banda sonora non daba lugar a ambigüidades. Os actores desta utopía, branca ou negra, eran convincentes. Os medios de produción deste blockbuster de Hollywood eran estupendos. Lembro moi ben aos Kennedy, a Bobby e John, Elvis, Ed Sullivan, Jackie Gleason, Fr. Richard Kimble e Mary Tyler Moore. Por outra banda Otis Redding, Paul Robeson e Willie Mays son só reminiscencias. Historias para todos os públicos no disco duro da miña memoria.

Medgar Evers morreu o 12 de xuño de 1963. Malcom X morreu o 21 de febreiro

de 1965. E Martin Luther King Jr. morreu o 4 de abril de 1968. En tan só cinco anos estes tres homes foron asasinados. Os tres eran negros. Pero non é a cor da pel a conexión entre eles. Loitaban en batallas moi distintas mais á fin os tres eran considerados perigosos. Estaban botando luz na nebulosa da confusión racial.

A James Baldwin encantábanlle estes homes e os seus asasinatos derrubárono, así que se propuxo expoñer as complexas similitudes existentes entre os tres individuos. Ía escribir sobre eles o seu último libro, *Remember this House*. Eu atopeime con estes tres homes moito máis tarde ca Baldwin e, desde o comezo, xeraron unha reflexión íntima e profunda da miña propia mitoloxía cultural e política, das miñas experiencias persoais sobre o racismo e a violencia intelectual. Este era exactamente o punto no que precisaba a James Baldwin. El sabería como deconstruír as historias. Baldwin deume voz, palabras e retórica, puxo nome e forma a todo o que eu sabía por instinto. Tiña as armas intelectuais que precisaba. Seguro que teremos ventos a soprar en contra nosa. Os tempos actuais de discordia e confusión son un elemento inevitábel. Non son un inxenuo para crer que o camiño que temos por diante ha ser doado. O meu compromiso é asegurarme que este filme non se enterre ou se deixe de lado. E estamos nisto para longo. Non importante canto tempo ou esforzo nos leve.

Publicado en <https://karmafilms.es/>
Tradución: Xan Gómez Vías

NA LIBRARÍA NUMAX

I Am Not Your Negro: A Companion Edition to the Documentary Film Directed by Raoul Peck. Vintage, 2017

Go Tell It on the Mountain, James Baldwin. Penguin, 2001

No Name in the Street, James Baldwin. Vintage, 2007

Autobiografía, Malcolm X. Capitan Swing, 2015
Of the Dawn of Freedom, Philippe Dubois. Penguin, 2010

Un sueño de igualdad, Martin Luther King. La catarata, 2013

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

